

Concello	Poboación o 1-1-2005
Bergondo	6.495
Boimorto	2.461
Boqueixón	4.378
Brión	6.849
Cabana de Bergantiños	5.294
Cabanas	3.368
Camariñas	6.467
Capela, A	1.514
Cariño	4.788
Carnota	5.244
Carral	5.527
Cedeira	7.429
Cee	7.467
Cerceda	5.500
Cerdido	1.522
Cesuras	2.427
Coirós	1.654
Corcubión	1.927
Coristanco	7.646
Curtis	4.369
Dodro	3.122
Dumbría	4.067
Fisterra	5.042
Frades	2.871
Irixoa	1.579
Laxe	3.539
Lousame	3.854
Malpica de Bergantiños	6.786
Mañón	1.803
Mazaricos	5.488
Melide	7.866
Mesía	3.174
Miño	5.127
Moeche	1.469
Monfero	2.444
Mugardos	5.628
Muros	9.995
Muxía	5.823
Neda	5.771
Negreira	6.519
Oroso	6.345
Ortigueira	7.697
Outes	7.889
Oza dos Ríos	3.163
Paderne	2.715
Padrón	9.035
Pino, O	4.901
Pobra do Caramiñal, A	9.951
Ponteceso	6.698
Pontevedra	8.663
Porto do Son	9.990
Rois	5.149
San Sadurniño	3.179
Santiso	2.160
Sobrado	2.316
Somozas, As	1.411
Toques	1.512
Tordoia	4.617
Touro	4.532
Trazo	3.617
Val do Dubra	4.605
Valdoviño	6.888

Concello	Poboación o 1-1-2005
Vedra	5.054
Vilarmaior	1.343
Vilasantar	1.538
Vimianzo	8.466
Zas	5.780

Corrección de erros.-Orde do 14 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria para o ano 2006 en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a implantación de sistemas de calidade e fomento da creación e expansión de cadeas sucursalistas.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 58, do xoves 23 de marzo de 2006, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 4.336, no anexo IV Códigos CNAE-93 substituír o punto 51 polo 50 «Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; venda a retalho de combustible para os vehículos de motor».

Orde do 22 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva das subvencións a proxectos de mellora das infraestruturas enerxéticas en Galicia e se procede á convocatoria das correspondentes a 2006.

Un dos obxectivos prioritarios da Consellería de Innovación e Industria é o fomento do uso racional da enerxía e o impulso na utilización das enerxías renovables e limpas.

Neste sentido convén ter presente o que fixa o Cumio de Kioto sobre limitación das emisións de gases contaminantes á atmosfera e o libro branco das enerxías renovables da Unión Europea, que trata de acadar para o ano 2010 que o doce por cento da demanda enerxética primaria estea cuberta por enerxías renovables.

Por outra parte tamén é preciso dar un apoio aos concellos para completar as súas infraestruturas enerxéticas.

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico regula os plans de aforro e eficiencia enerxética e posibilita que as comunidades autónomas poden instrumentar programas de actuación e accións incentivadas con fondos públicos.

Así a Consellería de Innovación e Industria convoca un programa de axudas composto por sete liñas de subvención e establece as bases ás que debe suxeitarse a concesión das axudas.

As liñas de axuda son: uso racional da enerxía nos concellos, uso racional da enerxía nas industrias, fomen-

to das enerxías renovables nas empresas, fomento das enerxías renovables nas familias, fomento da enerxía solar nas empresas, fomento da enerxía solar nas familias e mellora das infraestruturas enerxéticas nos concellos.

Estas axudas axustaranse ao disposto no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa virtude, en uso das atribucións que me foron concedidas

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Bases.

Apróbanse as bases para a concesión de subvencións a proxectos de mellora das infraestruturas enerxéticas en Galicia e que figuran como anexo a esta orde.

Artigo 2º.-Convocatoria.

Convócanse as subvencións para o obxecto e conforme as bases reguladoras aprobadas nesta orde para o ano 2006.

As solicitudes xunto cos seus correspondentes proxectos presentadas ao abeiro desta orde e que non foran adxudicatarias da axuda na contía solicitada, poderán ser obxecto de recuperación para que produzan efecto na liña de subvencións que, no seu día, convoque o Instituto Enerxético de Galicia, logo de manifestación expresa dos interesados en tal sentido na parte correspondente do anexo II desta convocatoria. Esta manifestación expresa implicará a aceptación das bases reguladoras das axudas convocadas por tal instituto.

Artigo 3º.-Crédito orzamentario.

As subvencións outorgaranse con cargo aos créditos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, de acordo coa seguinte distribución por aplicacións orzamentarias:

Aplicación	Denominación da modalidade de subvención	Importe
10.03.631A.760.0	Uso racional da enerxía nos concellos	2.089.672,00 euros
10.03.631A.770.0	Uso racional da enerxía nas industrias	150.000,00 euros
10.03.631A.773.0	Empresas. Fomento enerxías renovables	500.000,00 euros
10.03.631A.773.1	Empresas. Fomento da enerxía solar	1.450.000,00 euros
10.03.631A.780.0	Particulares. Fomento enerxías renovables	200.000,00 euros
10.03.631A.780.1	Particulares. Fomento da enerxía solar	960.000,00 euros
10.03.631B.760.0	Infraestruturas enerxéticas en concellos	218.239,34 euros

Esas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito

Cofináncianse con fondos estruturais Feder as subvencións concedidas con destino ao fomento das enerxías renovables e fomento da enerxía solar nas empresas (10.03.631A.773.0 e 10.03.631A.773.1).

As empresas beneficiarias de axudas concedidas con cargo aos ditos créditos orzamentarios deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren con respecto ao proxecto subvencionado, o cofinanciamento con fondos europeos FEDER, así como pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, de acordo co disposto no artigo 46 do Regulamento (CE) 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999 e o Regulamento (CE) 1159/2000 da Comisión, do 30 de maio de 2000.

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. O modelo de solicitude é o que se establece como anexo II e anexo III a esta convocatoria.

2. No caso de que o solicitante sexa un concello, utilizarase como modelo de solicitude o que se establece como anexo II e anexo IV a esta convocatoria.

3. Os modelos atópanse tamén á disposición dos interesados no enderezo da internet <http://www.xunta.es/conselle/in>.

4. En todos os casos, a solicitude deberá presentarse acompañada da documentación establecida nas bases reguladoras para cada modalidade de subvención.

Artigo 5º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes irán dirixidas ao conselleiro de Innovación e Industria e presentaranse no rexistro xeral dos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, no rexistro xeral das súas delegacións provinciais ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6º.-Prazo para realizar e xustificar os investimentos.

1. Consideraranse gastos subvencionables os realizados e pagados efectivamente entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 31 de outubro de 2006, agás no suposto previsto no parágrafo seguinte.

2. En cumprimento do establecido no artigo 8.4º do Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia e o artigo 4.2º das directrices comunitarias sobre as axudas de Estado de finalidade rexional, as solicitudes de axuda formuladas polas empresas deberán presentarse antes de comezar a execución dos proxectos de investimento. Así mesmo, e de acordo co artigo 8.5º do Decreto 172/2001 e co artigo 4.10º das citadas directrices comunitarias, os investimentos subvencionados deberán manterse cando menos durante cinco anos.

3. A data límite para presentar a documentación xustificativa dos investimentos realizados é o 31 de outubro de 2006.

Disposición derogatoria

Para os efectos desta orde queda derogada a Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas encamiñadas á mellora da infraestrutura enerxética de Galicia e pola que se convocan as correspondentes a 2005.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para que dite as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2006.

Fernando Xavier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva das subvencións a proxectos de mellora das infraestruturas enerxéticas en Galicia

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións a proxectos de fomento do uso racional da enerxía e de fomento das enerxías renovables en Galicia.

2. A concesión das subvencións efectuarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. Constitúen o obxecto destas subvencións:

- a) Uso racional da enerxía.
- b) Fomento de enerxías renovables.
- c) Fomento da enerxía solar.
- d) Infraestruturas enerxéticas.

Artigo 2º.-Tipos de axudas.

1. Uso racional da enerxía nos concellos:

-Proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública existentes aplicando criterios de aforro e eficiencia enerxética.

-Proxectos de mellora da eficiencia enerxética de novas instalacións de iluminación exterior.

-Proxectos de mellora da eficiencia enerxética na renovación das instalacións de iluminación interior dos edificios pertencentes ao concello.

-Proxectos que melloren a eficiencia enerxética das instalacións de calefacción, refrixeración e auga quente sanitaria que se renoven nos edificios pertencentes ao concello.

-Proxectos de rehabilitación da envolvente térmica dos edificios pertencentes ao concello.

-Renovación de flotas de transporte que supoñan un aforro enerxético e beneficios medioambientais.

2. Uso racional da enerxía nas empresas:

-Proxectos que promovan investimentos en substitución de equipamentos e instalacións consumidoras de enerxía por equipamentos e instalacións que utilicen tecnoloxías de alta eficiencia co obxecto de reducir o consumo enerxético e as emisións de CO₂.

3. Empresas. Fomento de enerxías renovables:

-Aplicacións de produción de enerxía térmica utilizando como combustible biomasa.

-Instalacións de xeración eólica conectadas á rede de baixa tensión ou illadas.

-Aplicacións con microturbinas hidráulicas e aerobombas.

-Instalacións con outras enerxías renovables e proxectos singulares.

4. Empresas. Fomento da enerxía solar:

-Instalacións solares térmicas con colectores planos ou con tubos de baleiro para produción de ACS, calefacción, climatización ou quentamento de piscinas.

-Instalacións fotovoltaicas illadas da rede eléctrica.

-Instalacións solares fotovoltaicas conectadas á rede eléctrica.

5. Particulares. Fomento de enerxías renovables:

-Aplicacións de produción de enerxía térmica con caldeiras de biomasa.

-Instalacións de xeración eólica conectadas á rede de baixa tensión ou illadas.

-Aplicacións con microturbinas hidráulicas e aerobombas.

-Instalacións con outras enerxías renovables e proxectos singulares.

6. Particulares. Fomento da enerxía solar:

-Instalacións solares térmicas con colectores planos ou con tubos de baleiro para produción de ACS, calefacción, climatización ou quentamento de piscinas.

-Instalacións fotovoltaicas illadas da rede eléctrica.

-Instalacións solares fotovoltaicas conectadas á rede eléctrica.

7. Concellos. Infraestruturas enerxéticas:

-Instalacións de luz pública, agás en parques empresariais e zonas comerciais.

Artigo 3º.-Contía máxima das subvencións.

1. Proxectos de uso racional da enerxía: a contía máxima da axuda será o 40% do investimento subvencionable.

2. Proxectos para o fomento das enerxías renovables:

a) Solar térmica: até 240 euros/metro cadrado de superficie de captación. No caso de seren colectores de alta tecnoloxía, a contía máxima será de 300 euros/metro cadrado de superficie de captación para colectores planos e ata 360 euros/metro cadrado de superficie de captación para tubos de baleiro. A contía máxima da axuda non superará o 50% do investimento subvencionable.

b) Solar fotovoltaica: ata 9 euros/Wp para sistemas illados e ata 4 euros/Wp para sistemas conectados á rede. A contía máxima da axuda non superará o 50% do investimento subvencionable nas instalacións conectadas á rede.

c) Caldeiras de biomasa: ata 150 euros/kW térmico instalado. A contía máxima da axuda non superará o 40% do investimento subvencionable.

d) Outras enerxías renovables: ata o 40% do investimento subvencionable.

e) Infraestruturas enerxéticas: ata un 40% do investimento subvencionable.

f) O importe máximo da subvención para instalacións mixtas establécese de maneira proporcional a cada un dos tipos anteriores.

Estas axudas son compatibles con calquera outra liña de subvencións que poida ser de aplicación aos proponentes, coa limitación do seu importe, que a lexislación fixe para cada caso.

Artigo 4º.-Gastos non subvencionables.

1. Non serán subvencionables:

a) Os gastos que se realicen en pagamentos de licenzas, gastos sometidos a aranceis ou os correspondentes a investimentos realizados con fórmulas de arrendamento financeiro.

b) Os gastos de execución da obra civil necesaria para a execución do proxecto.

c) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

2. Poderase considerar subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) nos seguintes casos:

a) Cando o solicitante da axuda sexa unha asociación ou entidade sen ánimo de lucro e acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acollido ao réxime de exención do IVE.

b) Cando o solicitante da axuda sexa unha persoa física e efectúe declaración responsable de que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe de ningunha forma a ningunha actividade empresarial ou profesional.

Artigo 5º.-Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas.

O importe das subvencións reguladas nestas bases en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o custo da actividade subvencionable.

O importe da subvención neta equivalente ás empresas, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, non poderá superar o máximo de intensidade rexional, 40% sobre o investimento subvencionable establecido para cada actividade nesta orde. No caso de axudas a empresas PEME engadirase un 15% adicional ao devandito límite.

Para a definición de PEME aplicarase o disposto na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 sobre definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DO L 124 do 20 de maio de 2003).

A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicárselle á Consellería de Innovación e Industria tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

O incumprimento do disposto neste artigo considerase alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión nos termos previstos no artigo 12º destas bases reguladoras.

Artigo 6º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións en cada unha das modalidades, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os seguintes:

a) Uso racional da enerxía: empresas privadas e concellos.

b) Fomento de enerxías renovables: empresas privadas, particulares e institucións sen fin de lucro.

c) Fomento da enerxía solar: empresas privadas, particulares e institucións sen fin de lucro.

d) Infraestruturas enerxéticas: concellos.

2. Cando o beneficiario sexa unha agrupación de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberánse facer constar expresamente na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada unha delas que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Nestes casos deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que lle corresponden á agrupación beneficiaria. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

3. Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas ou entidades nas que concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Para as empresas incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 115/2000, do 11 de maio, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de establecementos industriais de Galicia, e de acordo co establecido no artigo 8.61º, será condición imprescindible estar inscritas no citado rexistro.

Artigo 7º.-Solicitude e documentación.

1. As solicitudes, que se presentarán no modelo, nos lugares e dentro do prazo establecido na correspondente orde de convocatoria, irán acompañadas da seguinte documentación:

1.1. Documentación acreditativa da personalidade:

a) Copia cotexada do documento nacional de identidade do asinante ou asinantes da solicitude e documento público acreditativo do poder con que actúa o representante da empresa ou entidade solicitante, se é o caso. Se o solicitante é un concello, presentarán DNI e documento acreditativo da capacidade con que actúa o seu representante.

b) Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal NIF/CIF, segundo proceda.

c) No caso de fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, documento acreditativo de tal condición e copia cotexada da escritura pública de constitución e estatutos, debidamente inscritos no rexistro correspondente.

d) Para as empresas, documentación acreditativa da súa constitución legal, inscrición no correspondente rexistro, domicilio social e enderezo do seu centro de traballo en Galicia.

e) No caso de tratarse dunha agrupación, deberá achegarse documentación acreditativa da súa constitución e dos requisitos a que se refire o artigo 6.2º destas bases.

1.2. Proxecto para o cal se solicita a subvención e que deberá incluír como mínimo:

a) Memoria descritiva do proxecto que se vai desenvolver que conterá a valoración da eficiencia enerxética do proxecto e planos da actuación a escala axeitada así como esquema da instalación e esbozo que represente a súa integración arquitectónica ou paisaxística, cando proceda.

b) Orzamento do investimento no que figuren os prezos unitarios dos principais elementos da actuación e no que o IVE se presentará desagregado (conforme o anexo III ou o anexo IV, segundo o caso).

c) Calendario de execución do investimento con referencia a cada unha das actuacións que configuran o proxecto, conforme o anexo III.

1.3. Declaración responsable doutras axudas solicitadas, obtidas ou que se prevé solicitar para o mesmo investimento en calquera outra Administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, conforme o anexo III.

1.4. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o modelo recollido como anexo V a estas bases.

2. Toda a documentación necesaria presentarase en duplicado exemplar, agás as solicitudes presentadas para «Uso racional da enerxía nos Concellos» que se presentarán en triplicado exemplar. En todo caso, un dos exemplares incluírá orixinais ou copias cotexadas.

3. De acordo co establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a presentación da solicitude de concesión de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamentos ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

Artigo 8º.-Instrución dos procedementos.

1. A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas será o órgano competente para a instrución dos procedementos agás nas subvencións para o uso racional da enerxía nos concellos nas cales o órgano competente serán as delegacións provinciais.

2. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os requisitos exixidos requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos

datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisados e completados, os expedientes serán remitidos á comisión de valoración acompañados dos seguintes informes:

a) Informe de avaliación das solicitudes relativo ao cumprimento dos requisitos exixibles de acordo con estas bases reguladoras, elaborado polo órgano instrutor.

b) Informe do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) relativo á incidencia dos criterios de valoración sobre os proxectos para os que se solicita a subvención.

Artigo 9º.-Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración terá como función valorar as solicitudes e propoñer a aprobación ou denegación das subvencións de acordo cos criterios obxectivos que se establecen nestas bases reguladoras.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

2.1. Presidente: o subdirector xeral de Enerxía.

2.2. Vogais: o xefe de Servizo de Infraestruturas Enerxéticas, o xefe da Área de Enerxías Renovables do Inega, o xefe da Área de Aforro e Eficiencia Enerxética do Inega e un representante de cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria e o xefe do Servizo de Enerxías Renovables, que actuará como secretario.

2.3. Poderá estar asistida polo persoal técnico que se considere necesario.

3. A comisión de valoración formulará a proposta de concesión na que figurarán de xeito individualizado os beneficiarios e proxectos seleccionados así como a porcentaxe e o importe da subvención proposta para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto dos investimentos subvencionables quedarán en reserva para seren atendidos co crédito que quede libre no suposto de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados ou ben por incremento dos créditos orzamentarios destinados para este fin. Para estes efectos poderán emitirse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado.

Artigo 10º.-Criterios de valoración.

A valoración dos proxectos efectuarase de acordo cos criterios que se recollen a continuación para cada tipo de axuda, e pola orde na que figuran:

1) Uso racional da enerxía:

a) Eficiencia enerxética da instalación.

b) Mellora ambiental adicional á obtida por motivos enerxéticos.

c) Carácter innovador, considerándose prioritarios os proxectos que empreguen tecnoloxías innovadoras ou de escasa difusión.

d) Grao de participación de entidades de desenvolvemento rexional.

e) Existencia dunha auditoría enerxética ou informes específicos enerxéticos que describan a situación de

partida e a valoración da mellora que a execución do proxecto produce sobre o aforro enerxético. Deberán estar subscritos por un técnico ou unha empresa consultora establecida en Galicia con recoñecida experiencia na materia.

f) Grao de cumprimento do solicitante nas axudas concedidas por esta consellería en anteriores convocatorias.

2) Proxectos relativos ao fomento de enerxías renovables:

a) Mellora ambiental. Valoraranse a eficiencia da instalación, a eficiencia do equipo, o deseño, a calidade dos materiais, montaxe e garantías e a integración paisaxística.

b) Carácter innovador. Valoraranse os aspectos de I+D, difusión e monitorización.

c) Grao de cumprimento do solicitante nas axudas outorgadas por esta consellería en convocatorias anteriores.

d) Calidade documental.

3) Proxectos relativos a infraestruturas enerxéticas en concellos.

a) Eficiencia da instalación.

b) Deseño, calidade de materiais, montaxe e garantías.

c) Eficiencia do equipo.

d) Grao de cumprimento do solicitante nas axudas concedidas por esta consellería en anteriores convocatorias.

Artigo 11º.-Resolución.

1. A comisión formulará a proposta de concesión de axudas e elevaraa ao conselleiro, a través do órgano instrutor, para a súa resolución.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis (6) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. As resolucións, expresas ou presuntas, que recaian ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo iso sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

Artigo 12º.-Aceptación.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, para os únicos efectos da optimización da xestión dos fondos dispoñibles e das solicitudes que quedasen en reserva de conformidade co disposto no artigo 9.4º, o beneficiario da axuda deberá comunicar a súa aceptación no modelo que se facilitará para o efecto xunto coa notificación da resolución.

Transcorridos quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao da notificación da resolución sen que o beneficiario presentase a súa aceptación, entenderase que concorre a renuncia á axuda concedida e procederase nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Poderase acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os requisitos previstos no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Innovación e Industria logo da instrución do correspondente expediente no cal se lles dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000.

Artigo 14º.-Subcontratacións.

1. Permítese a subcontratación total ou parcial sobre o importe da actividade subvencionada.

2. Nos casos de subvencións para o uso racional da enerxía e fomento das enerxías renovables, non se considerará subcontratación nin a adquisición dos equipamentos nin a contratación da súa instalación e montaxe.

3. As subcontratacións que se efectúen rexeranse polo disposto no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 15º.-Xustificación da subvención.

Para o cobramento da subvención concedida, o beneficiario deberá presentar no lugar, a forma e o prazo sinalados na orde de convocatoria, a seguinte documentación por duplicado:

1. Xustificación de ter realizado o investimento para o que se concedeu a subvención mediante os documentos que se relacionan a continuación:

a) Informe técnico no que se describa a realización do proxecto ou actuación e os datos e incidencias máis significativas na súa execución. No caso dos proxectos de electrificación mediante emprego de enerxías renovables, o beneficiario acreditará que dispón dun contrato de mantemento por un período mínimo de tres anos cunha entidade con capacidade técnica suficiente.

b) Facturas orixinais, ou copia compulsada delas, correspondentes ao investimento e documentación xustificativa do pagamento realizado. As empresas beneficiarias deberán achegar documentación orixinal ou copia compulsada da transferencia bancaria.

No caso dos concellos admitirase como medio de xustificación do investimento a certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento na que se faga constar o cumprimento da finalidade para a que foi concedida e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

2. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución destinadas ao financiamento do mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía.

3. Certificación bancaria orixinal acreditativa da titularidade e identificación da conta para o pagamento da axuda, na que consten o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

4. Certificacións acreditativas de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas certificacións serán solicitadas directamente pola unidade tramitadora, de acordo co artigo 43 da Lei 7/2005, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e só se exixirán se o importe da axuda concedida é igual ou superior a 1.500 euros.

5. Naqueles casos en que así o requira a regulamentación vixente, achegarase proxecto e dirección e obra e/ou copia do boletín do instalador autorizado presentado na delegación correspondente.

6. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores de contraer o compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben. Non se exixiría xustificalo se polas especiais características dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou que o gasto se fixo con anterioridade á solicitude da subvención, ou salvo que se asinase un contrato con anterioridade a data da convocatoria.

Deberá xustificarse en criterios de eficiencia e economía a elección da oferta finalmente seleccionada cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

Artigo 16º.-Proposta de pagamento.

1. Os órganos competentes da Consellería de Innovación e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presentase, poderase entender que renuncia á subvención.

2. A proposta de pagamento formalizarase unha vez que os servizos técnicos da Consellería de Innovación

e Industria realicen unha inspección de comprobación material e certifiquen que se realizou o investimento que foi obxecto da axuda e o previsto na resolución de concesión.

3. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Artigo 17º.-Reintegro das axudas concedidas.

1. Procederá o reintegro total ou parcial da axuda e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia de tal reintegro nos casos previstos no artigo 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo do investimento realizado.

3. A tramitación do correspondente procedemento de reintegro realizarase de acordo co disposto no capítulo IV do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 18º.-Fiscalización e control.

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice a Consellería de Innovación e Industria para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 19º.-Réxime sancionador.

Aos beneficiarios das subvencións obxecto destas bases reguladoras seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 22º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses desde a data de resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación do beneficiario, destino da subvención e a súa contía.

Disposición adicional

En todo o non recollido na presente orde aplicarase o disposto para esta materia na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
 E INDUSTRIA**

FEDER



PROCEDEMENTO <input type="checkbox"/> AXUDAS PARA O USO RACIONAL DA ENERXÍA <input type="checkbox"/> AXUDAS PARA O FOMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES <input type="checkbox"/> AXUDAS PARA O USO RACIONAL DA ENERGÍA (CONCELLOS) <input type="checkbox"/> AXUDAS PARA INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS (CONCELLOS)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN413A IN416A IN413B IN403A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	-------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME SOLICITANTE/EMPRESA/ENTIDADE		CIF/NIF		NÚMERO REGISTRO INDUSTRIAL	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX		
SECTOR INDUSTRIAL	ACTIVIDADE PRINCIPAL			CNAE	
ANO DE CONSTITUCIÓN	PERSOAL INDEFINIDO		PERSOAL EVENTUAL		

E na súa representación legal:

APELIDOS	NOME	DNI
----------	------	-----

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA (EN EUROS), PERIODIFICACIÓN

INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR	INVESTIMENTO 2006
AXUDA TOTAL SOLICITADA	AXUDA 2006

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE XUNTA O SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DE PERSONALIDADE XURÍDICA DO SOLICITANTE. <input type="checkbox"/> DOCUMENTO PÚBLICO ACREDITATIVO DO PODER CON QUE ACTÚA O REPRESENTANTE E FOTOCOPIA DO SEU DNI. <input type="checkbox"/> MEMORIA DO PROXECTO, ORZAMENTO, CALENDARIO, PLANOS. <input type="checkbox"/> COPIA COTEXADA DO NIF/CIF.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS ESTABLECIDAS NO ART. 13.2º E 3º DA LEI 38/2003, SEGUNDO ANEXO DA CONVOCATORIA. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN PARA A EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IVE, SEGUNDO ANEXO DA CONVOCATORIA. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS, OBTIDAS OU QUE SE VAIAN SOLICITAR PARA O MESMO FIN.
--	--

LEXISLACIÓN APLICABLE Orde do 22 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva das subvencións a proxectos de mellora das infraestruturas enerxéticas en Galicia e se procede á convocatoria das correspondentes a 2006.
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA, E SELO DA EMPRESA _____ de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		/ /
		DATA DE ENTRADA
		/ /
		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAIDA
		/ /
REVISADO E CONFORME		

ANEXO III

ENR - 01

TÍTULO DO PROXECTO

1.- IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> EMPRESA	<input type="checkbox"/> FAMILIA	<input type="checkbox"/> INSTITUCIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO												
<table border="1"> <tr> <td colspan="2">NOME / RAZÓN SOCIAL</td> <td>NIF/CIF</td> </tr> <tr> <td colspan="3">ENDEREZO SOCIAL</td> </tr> <tr> <td>CÓDIGO POSTAL</td> <td>LOCALIDADE</td> <td>PROVINCIA</td> </tr> <tr> <td>TELÉFONO/S</td> <td>FAX</td> <td>ENDEREZO ELECTRÓNICO</td> </tr> </table>			NOME / RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	ENDEREZO SOCIAL			CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO/S	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
NOME / RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF												
ENDEREZO SOCIAL														
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA												
TELÉFONO/S	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO												
<p>REPRESENTANTE LEGAL</p> <table border="1"> <tr> <td>NOME</td> <td>APELIDOS</td> </tr> <tr> <td colspan="2">CARGO</td> </tr> </table>			NOME	APELIDOS	CARGO									
NOME	APELIDOS													
CARGO														
<p>PERSOA DE CONTACTO</p> <table border="1"> <tr> <td>NOME</td> <td>1º APELIDO</td> <td>2º APELIDO</td> </tr> <tr> <td colspan="3">CARGO</td> </tr> <tr> <td>TELÉFONO</td> <td>FAX</td> <td>ENDEREZO ELECTRÓNICO</td> </tr> </table>			NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	CARGO			TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO			
NOME	1º APELIDO	2º APELIDO												
CARGO														
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO												

- SOLICITA
 NON SOLICITA

Que se recupere o seu expediente administrativo para os efectos de que se tome en consideración como solicitante das axudas que convoque o Inega para tal efecto, suxeitándose expresamente ás correspondentes bases reguladoras.

Sinatura do solicitante

ENR - 02

2.- DATOS EMPRESARIAIS (PARA CUBRIR SÓ POR EMPRESAS)

ACRÓNIMO	GRUPO EMPRESARIAL
ACTIVIDADE DA EMPRESA	
CNAE ACTIVIDADE PRINCIPAL	ANO DE CONSTITUCIÓN

2.1.- CAPITAL SOCIAL (MILES DE EUROS)

ACTUAL _____

FUNDACIONAL _____

2.2.- COMPOSICIÓN ACCIONARIAL

RELACIÓNS DE ACCIONISTAS

<i>NOME OU RAZÓN SOCIAL</i>	%	<i>NACIONALIDADE</i>

- ACCIONISTAS NACIONAIS % _____
 - PÚBLICO % _____
 - PRIVADO % _____
- ACCIONISTAS ESTRANXEIROS % _____

2.3.- EMPRESAS FILIAIS OU PARTICIPADAS

<i>RAZÓN SOCIAL</i>	<i>ACTIVIDADE PRINCIPAL</i>	CNAE	%	<i>PAÍS</i>

ENR - 03

2.4.- PERSOAL TOTAL DA EMPRESA

	HISTÓRICO			PREVISTO	
	2003	2004	2005	2006	2007
DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN (Nº DE PERSOAS)	_____	_____	_____	_____	_____
PRODUCCIÓN (Nº DE PERSOAS)	_____	_____	_____	_____	_____
VENDAS (Nº DE PERSOAS)	_____	_____	_____	_____	_____
I+D (Nº DE PERSOAS)	_____	_____	_____	_____	_____
TOTAL	_____	_____	_____	_____	_____
PORCENTAXE PERSOAL TITULADO	_____ %	_____ %	_____ %	_____ %	_____ %

2.5.- ACTIVOS DA EMPRESA

	HISTÓRICO			PREVISTO	
	2003	2004	2005	2006	2007
INMOBILIZADO MATERIAL (MILES €)	_____	_____	_____	_____	_____
TERREOS E EDIFICIOS (MILES €)	_____	_____	_____	_____	_____
MAQUINARIA (MILES €)	_____	_____	_____	_____	_____
OUTROS EQUIPAMENTOS	_____	_____	_____	_____	_____

2.6.- DATOS DO ÚLTIMO EXERCICIO

FACTURACIÓN (MILES DE €): _____

PRINCIPAIS PRODUTOS OU LIÑAS DE PRODUTOS FABRICADOS NO ÚLTIMO EXERCICIO

PRODUTO OU LIÑA	% VENDAS TOTAIS	% VENDAS NACIONAIS	% EXPORTACIÓN	TOTAL
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
_____	_____	_____	_____	100 %
TOTAL	100 %			